

Sector	Tipificación	Valor (euros)	Unidade
Ovino ...	Aptitude leiteira (1) ...	115,72	Unidade.
	Aptitude cárnica	96,05	Unidade.
	Maior de 5 anos	54,02	Unidade.
	Menor (2)	54,09	Unidade.
Caprino ..	Aptitude leiteira (1) ...	92,04	Unidade.
	Aptitude cárnica	73,37	Unidade.
	Maior de 5 anos	46,38	Unidade.
	Menor (2)	54,09	Unidade.
Ovino ...	Abortos (3)	18,03	Unidade.

(1) Enténdese por gando ovino de aptitude leiteira as ovelas de muxidura que produzan de medida na súa explotación un mínimo de 100 litros de leite por cabeza e ano, ou aquelas respecto das cales se cobre a prima por ovella por tal aptitude. Enténdese por gando caprino de aptitude leiteira as cabras de muxidura que produzan de medida na súa explotación un mínimo de 100 litros de leite por cabeza e ano.

(2) Animais que non acadasen a madurez sexual.

(3) Abortos producidos como consecuencia da vacinación obrigatoria contra lingua azul.

2. Os propietarios de animais poderán percibir unha indemnización suplementaria de ata 6,01 euros polos gastos de destrución de cadáveres.

3. Unha vez realizado o cálculo a que se refire o punto 1 deste anexo I, os devanditos valores poderán ser incrementados ata un máximo dun 10 por 100 adicional, para aqueles animais cuxos propietarios acrediten a súa pertenza a unha agrupación de defensa sanitaria.

ANEXO II

Bovinos de carne e leite

1. Os baremos de indemnización para o gando bovino serán do 100 por 100 dos valores descritos a continuación, calculados en función da súa idade:

Bovino	Valor (euros)	Unidade
Ata 3 meses de idade	240	Unidade.
Desde 3 meses e un día ata 12 meses .	465	Unidade.
Desde 12 meses e un día ata 24 meses .	645	Unidade.
Desde 24 meses e un día ata 5 anos ...	740	Unidade.
Desde 5 anos e un día ata 10 anos	540	Unidade.
Maiores de 10 anos	300	Unidade.

2. Unha vez realizado o cálculo a que se refire o punto 1 deste anexo II, os devanditos valores poderán ser incrementados ata un máximo dun 10 por 100 adicional, para aqueles animais cuxos propietarios acrediten a súa pertenza a unha agrupación de defensa sanitaria.»

8425

ORDE APA/1439/2005, do 17 de maio, pola que se modifica a Orde do 17 de maio de 1993, pola que se establece a normalización dos pasaportes fitosanitarios destinados á circulación de determinados vexetais, produtos vexetais e outros obxectos dentro da Comunidade, e pola que se establecen os procedementos para a expedición de tales pasaportes e as condicións e procedementos para a súa substitución. («BOE» 122, 23-5-2005.)

A Orde do 17 de maio de 1993 pola que se establece a normalización dos pasaportes fitosanitarios destinados á

circulación de determinados vexetais, produtos vexetais e outros obxectos dentro da Comunidade, e pola que se establecen os procedementos para a expedición de tales pasaportes e as condicións e procedementos para a súa substitución, incorporou á lexislación española a Directiva 92/105/CEE da Comisión, do 3 de decembro de 1992, pola que se establece unha determinada normalización dos pasaportes fitosanitarios destinados á circulación de determinados vexetais, produtos vexetais e outros obxectos dentro da Comunidade, e pola que se establecen os procedementos para a expedición de tales pasaportes e as condicións e procedementos para a súa substitución.

Mediante esta orde incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2005/17/CE da Comisión, do 2 de marzo de 2005, pola que se modifican determinadas disposicións da Directiva 92/105/CEE no que respecta aos pasaportes fitosanitarios.

Así mesmo, substitúense as referencias da Orde do 17 de maio de 1993 á Directiva 77/93/CEE, derogada pola Directiva 2000/29/CE, polas correspondentes ao Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, que traspón esta directiva, e as do seu artigo 2 referentes á denominación actual da subdirección xeral e dirección xeral competentes.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde do 17 de maio de 1993.*

A Orde do 17 de maio de 1993 pola que se establece a normalización dos pasaportes fitosanitarios destinados á circulación de determinados vexetais, produtos vexetais e outros obxectos dentro da Comunidade, e pola que se establecen os procedementos para a expedición de tales pasaportes e as condicións e procedementos para a súa substitución, quedará modificada de acordo co disposto nos puntos seguintes.

1. No artigo 1, a referencia ao «artigo 10 da Directiva 77/93/CEE do Consello» substituirase polo «artigo 7 do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros».

2. O último parágrafo do artigo 2 substitúese polo texto seguinte:

«A Subdirección Xeral de Agricultura Integrada e Sanidade Vexetal da Dirección Xeral de Agricultura respecto aos importadores con actividade unicamente de importación.»

3. No artigo 3 engadíranse os puntos seguintes:

«5) cando se trate de pasaportes fitosanitarios para tubérculos de *Solanum tuberosum* L., destinados á sementeira, enumerados no anexo IV, parte A, sección II, punto 18.1, do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, a etiqueta oficial definida no anexo III da Directiva 2002/56/CE do Consello poderase utilizar en lugar do pasaporte fitosanitario sempre que a etiqueta achegue probas do respecto aos requisitos a que se refire o artigo 6, punto 3 do Real decreto 58/2005 (a partir do 31 de decembro de 2005 deberá figurar na etiqueta a indicación "pasaporte fitosanitario CE"); na etiqueta ou en calquera outro documento comercial sinalarase o cumprimento das disposicións en materia de introdución

e circulación de *Solanum tuberosum* L., destinados á sementeira, nunha zona protexida recoñecida respecto dos organismos nocivos para os devanditos tubérculos.

6) cando se trate de sementes de *Helianthus annuus* L., enumeradas no anexo IV, parte A, sección II, punto 26, do Real decreto 58/2005, a etiqueta oficial definida no anexo IV da Directiva 2002/57/CE do Consello poderase utilizar en lugar do pasaporte fitosanitario sempre que a etiqueta achegue probas do respecto aos requisitos a que se refire o artigo 6, punto 3 do Real decreto 58/2005 (a partir do 31 de agosto de 2005 deberá figurar na etiqueta a indicación "pasaporte fitosanitario CE").

7) cando se trate de sementes de *Lycopersicon lycopersicom* (L.) Karsten ex Farw. e *Phaseolus* L., enumeradas no anexo IV, parte A, sección II, puntos 27 e 29, do Real decreto 58/2005, a etiqueta oficial definida no anexo IV A da Directiva 2002/55/CE do Consello poderase utilizar en lugar do pasaporte fitosanitario sempre que a etiqueta achegue probas do respecto aos requisitos a que se refire o artigo 6, punto 3 do Real decreto 58/2005 (a partir do 31 de agosto de 2005 deberá figurar na etiqueta a indicación "pasaporte fitosanitario CE").

8) cando se trate de sementes de *Medicago sativa* L., enumeradas no anexo IV, parte A, sección II, puntos 28.1 e 28.2, do Real decreto 58/2005, a etiqueta oficial definida no anexo IV, parte A, da Directiva 66/401/CEE do Consello poderase utilizar en lugar do pasaporte fitosanitario sempre que a etiqueta achegue probas do respecto aos requisitos a que se refire o artigo 6, punto 3 do Real decreto 58/2005 (a partir do 31 de agosto de 2005 deberá figurar na etiqueta a indicación "pasaporte fitosanitario CE").»

4. Suprimirase o último parágrafo do punto 1 do artigo 4.

5. No artigo 4, punto 2, a referencia ao artigo «6, punto 4, da Directiva 77/93/CEE» substituirase pola referencia ao artigo «6, punto 7, do Real decreto 58/2005».

6. No artigo 4, puntos 3 e 4 substituiranse respectivamente as referencias á «Directiva 77/93/CEE do Consello» e á «Directiva da Comisión 92/76/CEE» pola referencia ao «Real decreto 58/2005».

7. O punto 1 do anexo I substituirase polo seguinte:

«1. Pasaporte fitosanitario-CE (con carácter transitorio, ata o 1 de xaneiro de 2006 poderase utilizar a mención «Pasaporte fitosanitario-CEE»).»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 17 de maio de 2005.

ESPINOSA MANGANA

8426 *ORDE APA/1440/2005, do 17 de maio, pola que se modifican determinados anexos do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.* («BOE» 122, do 23-5-2005.)

O Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a

países terceiros, incorporou ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, e as modificacións posteriores, a última das cales foi a Directiva 2005/15/CE, da Comisión, do 28 de febreiro de 2005, pola que se modifica o anexo V da Directiva 2000/29/CE do Consello.

Así mesmo, o citado real decreto incorpora a Directiva 2001/32/CE, da Comisión, do 8 de maio de 2001, pola que se recoñecen determinadas zonas protexidas da Comunidade expostas a riscos fitosanitarios específicos e se derroga a Directiva 92/76/CEE, e as modificacións posteriores, a última das cales foi a Decisión 2004/522/CE da Comisión, do 28 de abril de 2004, que modifica a Directiva 2001/32/CE, pola que se recoñecen zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios específicos.

Con posterioridade, foron modificadas ambas as directivas pola Directiva 2005/16/CE da Comisión, do 2 de marzo de 2005, pola que se modifican os anexos I a V da Directiva 2000/29/CE do Consello, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, e a Directiva 2005/18/CE da Comisión, do 2 de marzo de 2005, pola que se modifica a Directiva 2001/32/CE en relación con determinadas zonas protexidas expostas a riscos fitosanitarios específicos, respectivamente.

De conformidade coa habilitación establecida na disposición derradeira segunda do citado real decreto, mediante esta orde incorporáranse ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2005/16/CE e a Directiva 2005/18/CE.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación dos anexos do Real decreto 58/2005.*

Os anexos I, II, III, IV, V e IX do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, quedarán modificados de acordo co disposto no anexo desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 17 de maio de 2005.

ESPINOSA MANGANA

ANEXO

1) No anexo I, a parte B quedará modificada como segue:

a) na letra a), punto 3, o texto da segunda columna substituirase polo texto seguinte:

«E (Eivissa e Menorca), IRL., CY, M, P (Azores e Madeira), UK, S (Blekinge, Gotland, Halland, Kalmar, Skåne), FI (os distritos de Åland, Turku, Uusimaa, Kymi, Häme, Pirkanmaa, Satakunta);»

b) na letra b), punto 1, suprimirase «DK».